

OFICIAL DE INSTALACIÓNS MUNICIPAIS  
PROCESO ESTABILIZACIÓN  
1º EXERCICIO 24/10/2024

1.- A ferramenta que serve especificamente para estender e alisar o formigón é:

- a) O palustre
- b) A chaira
- c) O fratás**
- d) O pisón

2.- Para soldar tubos de cobre aplicaremos por esta orde:

- a) Fonte de calor, estaño e decapante
- b) Fonte de calor e estaño
- c) Decapante, fonte de calor e estaño**
- d) Fonte de calor e decapante

3.- Cal das seguintes é unha ferramenta básica en fontanería?

- a) Chave Stillson**
- b) Chave Fostener
- c) Chave Philips
- d) Chave Duncan

4.-Por que é importante a desinfección das ferramentas de poda?

- a) Non é importante.
- b) É igual de importante que noutro tipo de ferramentas.
- c) É importante polo aspecto externo.
- d) Son vías de de transmisión de virus.**

5.- Que favorece o desenvolvemento de enfermidades fúnxicas?:

- a) Temperaturas altas e tempo seco
- b) Temperaturas moderadas e tempo húmido**
- c) Temperaturas baixas e tempo seco
- d) Os tratamentos utilizados

6.- Se ao buscar no buscapolos o cable que ten tensión acéndese a luz, significa que tocamos:

- a) Neutro
- b) Terra
- c) Fase**
- d) Receptor

7.- Serve para desconectar a instalación eléctrica de forma rápida cando existe unha fuga a terra:.

- a) ICP
- b) IDE**
- c) Fusible
- d) PIA

8.- Sinala cales son elementos básicos dun circuíto eléctrico:

- a) Xerador, fusible
- b) Interruptor, condutor, receptor
- c) Fusible, interruptor, condutor
- d) Todas son correctas**

9.- Que é un fluxor?

- a) É unha válvula de expansión
- b) Unha billa de peche automático**
- c) Unha válvula de regulación
- d) Ningunha é correcta

10.- A que denomínase caudal nunha instalación de auga?:

- a) É a lonxitude e grosor da tubaxe da instalación
- b) É a resistencia que opón o material de que está feita a instalación
- c) É a cantidade de auga por unidade de tempo fornecida pola devandita instalación**
- d) É a diferenza entre(H<sub>2</sub>O+CH<sub>4</sub>)

11.- Útil de limpeza que posúe unha folla triangular:

- a) O prolongador
- b) A espátula**
- c) O rascavidros
- d) O mollador

12.- Cales son produtos usados para a actividade de limpeza?

- a) Auga forte, augarrás
- b) Alcol, bicarbonato
- c) Lixivia, amoníaco
- d) Todas son correctas**

13.- Á hora de substituír unha baldosa que utensilio non é necesario

- a) Bramante
- b) Cicel
- c) Martelo
- d) Talocha**

14.- Que materiais dos seguintes non serve para impermeabilizar unha superficie?

- a) **Cemento-cola**
- b) Tea asfáltica
- c) Emulsión asfáltica
- d) Pintura impermeabilizante

15.- Para fabricar un tabique se debe colocar o ladrillo:

- a) A tizón
- b) A soga
- c) **A pandeirete**
- d) A rosca.

16.- Nunha combustión o combustible é o axente:

- a) **Redutor**
- b) Oxidante
- c) Que rouba electróns
- d) Que se reduce

17.- Os hidrantes non poden ser:

- a) De boca
- b) De columna
- c) De arqueta
- d) **De armario**

18.-Os sinais de seguridade e saúde no traballo que deben establecerse nos centros de traballo relativas aos equipos de loita contra incendios:

- a) **Deben ter forma rectangular ou cuadra e o pictograma debe ser branco sobre fondo vermello**
- b) Deben ter forma triangular e o pictograma debe ser negro sobre fondo branco
- c) Deben ter forma circular e o pictograma debe ser vermello sobre fondo branco
- d) Deben ter forma rectangular ou cuadra e o pictograma debe ser negro sobre fondo vermello

19.- Un extintor de CO<sub>2</sub> atópase:

- a) **Presurizado permanentemente**
- b) Sen presión permanente
- c) Presurizado no momento da súa utilización
- d) Presurizado por 30 días consecutivos

20.- Cal das seguintes obrigacións do traballador en materia de prevención de riscos laborais é incorrecta?

- a) Utilizar correctamente os dispositivos de seguridade
- b) Informar inmediatamente sobre calquera situación que, ao seu xuízo, entrañe un regas para a seguridade e saúde dos traballadores
- c) Usar adecuadamente as máquinas e ferramentas que utiliza
- d) **Cumprir coa xornada laboral**

21.- Non é correcto segundo o artigo 29 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de Riscos Laborais.

- a) Utilizar correctamente os medios e equipos de protección facilitados polo empresario, de acordo coas instrucións recibidas deste
- b) Contribuír ao cumprimento das obrigacións establecidas pola autoridade competente co fin de protexer a seguridade e a saúde dos traballadores no traballo
- c) Cooperar co empresario para que este poida garantir unhas condicións de traballo que sexan seguras e non entrañen riscos para a seguridade e a saúde dos traballadores
- d) Os traballadores teñen dereito a unha protección eficaz en materia de seguridade e saúde no traballo**

22.- Os Equipos de Emerxencia considerados necesarios para un hospital son:

- a) Equipos de primeiros auxilios, planos e ruta de evacuación
- b) Equipos de primeiros auxilios, de primeira intervención e ruta de evacuación
- c) Equipos de primeira intervención, brigada xeral e outros equipos**
- d) Ningún dos anteriores é correcto

23.- O extintor de po seco, é o máis recomendado para apagar un lume:

- a) De materias sólidas
- b) De líquidos**
- c) De gases
- d) De metais

24.- Os plans de prevención de Riscos Laborais non incluírán, segundo o artigo 16 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais:

- a) A prescrición dos equipos de traballo cuxo uso teña incidencia directa na seguridade e saúde dos traballadores**
- b) A estrutura organizativa da empresa
- c) As prácticas, os procedementos e os recursos necesarios para realizar a acción de prevención de riscos
- d) As responsabilidades para realizar a acción de prevención de riscos

25.- De acordo co establecido no artigo 21 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, en caso de risco grave e inminente, o empresario non estará obrigado a:

- a) Informar canto antes os representantes dos traballadores afectados acerca das medidas adoptadas en materia de protección
- b) Adoptar as medidas e dar as instrucións para que se o perigo é grave, inminente e inevitable, os traballadores poidan interromper a súa actividade e abandonar o seu lugar de traballo**
- c) As respostas a e d son correctas
- d) Dar as instrucións para que se o perigo é grave, inminente e inevitable, os traballadores poidan interromper a súa actividade, permanecendo no lugar de traballo para renovar a súa actividade unha vez sexa seguro

26.- Segundo Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de Riscos Laborais, no seu artigo 38 referido ao comité de seguridade e saúde. Constituirase un comité de seguridade e saúde cando as empresas ou centros de traballo contén un número de traballadores igual ou superior de:

- a) 45
- b) 50**
- c) 60
- d) 35

27.- O Comité de Seguridade e Saúde, segundo o Art. 38.3 lei 31/1995, reunirse:

- a) Mensualmente
- b) Trimestralmente**
- c) Semestralmente
- d) Anualmente.

28.- Segundo a Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de Riscos Laborais, Cantos delegados de prevención terá unha empresa con 4000 traballadores máis un traballador con contrato temporal de 1 ano e un mes?

- a) 9
- b) 7
- c) 8**
- d) 10

29.- Cal das seguintes ferramentas pode ser manexada cunha soa man?

- a) Gadaña
- b) Motoserra
- c) Aixada
- d) Fouce**

30.- Cal é o peso máximo recomendado estando sentado se se manipula moi preto do corpo e na franxa comprendida entre ombreiro e cadeira?

- a) 3 kg
- b) 5kg**
- c) 6kg
- d) Non se fixa un peso máximo porque non é recomendable manipular cargas sentado

#### PREGUNTAS RESERVA

31.- Nun circuito eléctrico en paralelo:

- a) Se desconectamos un receptor, todos os demais receptores deixarán de funcionar
- b) Se desconectamos un receptor, todos os demais receptores seguirán funcionando**
- c) Se desconectamos un receptor, os demais receptores pares deixarán de funcionar
- d) Todas as respostas son incorrectas

32.- As precaucións que deben tomarse nun circuíto mixto cobre-aceiro son:

- a) Soldar correctamente
- b) Usar unións de cobre
- c) Usar unións de aceiro
- d) **Usar unións electrolíticas**

33.- De que depende a elección do céspede:

- a) Do clima onde vivamos
- b) Do tipo de chan que teñamos e da cantidade de sol ou sombra que lle vaia a dar
- c) Do uso que lle vaiamos a dar
- d) **Todas son correctas**

34.- Que EPIS son imprescindibles para a sega con cortacésped?

- a) **Botas de seguridade, protección auditiva e luvas**
- b) Luvas de resistencia química, casco e máscara
- c) Chaleco reflector
- d) Arnés de seguridade



ANOTEN O CÓDIGO ID: